



Reunido o pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva o 2 febreiro de 2023 e previo exame do recurso, adopta o seguinte acordo,

Expediente electoral 258/2022

ANTECEDENTES

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. – O 19.12.2022, a Federación Galega de Tenis de Mesa (no sucesivo FGTM) remite ao o Comité Galego de Xustiza Deportiva (CGXD) recurso electoral presentado por Don Manuel Pereiro Pérez o 15 de decembro de 2022 contra a resolución da Xunta Electoral (en adiante XE) da FGTM do 13.12.2022 que acorda a proclamación provisional da presidencia e comisión delegada da FGTM. O escrito tivo entrada no rexistro do CGXD o 19.12.2022.

O recorrente basea a seu recurso nos seguintes **antecedentes**:

Primeiro: O **01.12.2022**, no proceso electoral 2022 a XE da FGTM publica acta na que propón para a convocatoria e celebración da asemblea xeral constitutiva (no sucesivo AX) o luns 12.12.2022 ás 18.00 horas en primeira convocatoria e ás 19.00 horas en segunda convocatoria no mesmo lugar inicialmente expresado.

Segundo: O **02.12.2022**, publícase na páxina web da FGTM, a convocatoria da Asemblea xeral constitutiva da FGTM o 12.12.2022 no centro empresarial do Tambre en Santiago de Compostela, co seguinte orde do día:

1. Elección á presidencia da FGTM.
2. Elección a membros da Comisión Delegada.

Terceiro: O **08.12.2022**, o recorrente presenta por email a solicitude de interventor (D. José Antonio Sanmartín Gil) diante da XE para a Asemblea Xeral do 12.12.2022, pola súa candidatura a presidente.

Cuarto: O **09.12.2022**, o recorrente presenta ante a XE da FGTM dentro do prazo legal, reclamación contra a convocatoria da AX do 12.12.2022, solicitando a anulación da mesma. Reclamación que foi resolta o **13.12.2022**.





Quinto: O luns **12.12.2022**, ante a falta de resposta da XE, o recorrente e candidato á presidencia da FGTM asistiu a Asemblea Xeral, para confirmar os seguintes incumprimentos do Regulamento Electoral por parte da Xunta Electoral:

1º.- Os membros da XE D. Manuel Carrasco López (presidente) e D. Ramón Tubio Villanueva (vogal), presentes na AX din que van a realizar o sorteo da mesa electoral entre os asembleístas que acceden á sala sen control de ningún tipo, con persoas que non son asembleístas. O recorrente observa ao presidente da XE que esta incumprindo o artigo 9 apartado III letra c) do regulamento electoral.

"Artigo 9. Mesas electorais.

Para a celebración das votacións constituiranse tres tipos de mesa electoral:

III) Mesa electoral para a votación á presidencia e á comisión delegada da federación.

b) A mesa electoral estará composta por tres membros: unha presidencia, unha secretaria e unha vogalía, elixidos por sorteo entre os membros da asemblea xeral. O sorteo será realizado pola xunta electoral na sede da federación con posterioridade á proclamación definitiva de candidatos á presidencia."

A proclamación definitiva de candidatos foi o 29.11.2022 polo que o recorrente entende que a XE debeu convocar e comunicar o sorteo público na sede da federación para designar os tres titulares e tres suplentes de dita mesa. Ademais o recorrente sinala que na acta da sesión non figuran relacionados os nomes dos asembleístas asistentes.

2º.- O presidente da XE, despois do sorteo, nomea a mesa electoral, quedando formada polos representantes do Club ADCP ZAS (Manuel Esteban Lema Pérez), do Club EXODUS TM (Leonardo Gonzalez Vázquez) e do Club del Mar (Antonio Javier Diz López), cando os clubs Exodus RM e Club del Mar eran candidatos á Comisión Delegada, incumprindo o disposto no artigo 9 apartado III letra d) do regulamento electoral.

"Artigo 9. Mesas electorais.

Para a celebración das votacións constituiranse tres tipos de mesa electoral:

III) Mesa electoral para a votación á presidencia e á comisión delegada da federación.

d) Non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas á presidencia da federación nin as candidatas á Comisión Delegada".





3º.- O Club Oroso TM, cando foi requirido a confirmación do seu representante (Nuria Castro Iglesias) por parte da Mesa Electoral, comunicou na propia AX o cambio de representante, pero sen presentar ningún certificado firmado, nin documentación para acreditar ese cambio. So presentou diante da mesa electoral un pantallazo de móbil, e foi autorizado para poder votar nas votacións a Presidencia e Comisión Delegada, coa presenza dos membros da Xunta Electoral, que non fixeron ningunha observación nin figura ningunha observación na acta de sesión sendo un feito moi grave permitir votar a un representante do Club Oroso TM sen presentar documentación requirida o que considera o recorrente que invalida ámbalas dúas votacións.

O recorrente fai referencia a un email enviado pola XE da FGTM na que esta permite modificar a representación e os requisitos para elo.

4º.- A XE presente nesta AX, coas súas decisións avalou os incumprimentos do regulamento electoral, e os cales foron referidos por esta parte o principio da asemblea por está candidatura e na exposición do programa electoral, pero non foron atendidos polo que non deron cumprimento ás funcións encomendadas á XE polo RE no seu artigo 5.

O recorrente conclúe o seu recurso solicitando:

1º.- A anulación da AX da FGTM do 12.12.2022, polos incumprimentos da Xunta Electoral do Regulamento Electoral da FGTM.

2º.- A anulación do Proceso Electoral 2022, na FGTM, polo proceder da Xunta Electoral.

3º. Expediente sancionador a Xunta Electoral da FGTM, polos incumprimentos moi graves do Regulamento Electoral da FGTM.

SEGUNDO.- Á vista do recurso presentado, este Comité, na súa reunión de 21 de decembro de 2022 acordou, por unanimidade, admitir a trámite co número de expediente **258/2022** o recurso presentado.

Conforme ó establecido no Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, acordouse a tramitación do recurso a través do procedemento en materia electoral federativa regulado nos art. 55 e ss.





TERCEIRO: Tras ser requirida a Xunta Electoral remitiu o 21 de decembro de 2022:

- O informe da XE sobre o recurso presentado por Manuel Pereiro Pérez.
- Acta da reunión da Xunta Electoral do 01.12.22 de anulación convocatoria de assemblea general constitutiva de la FGTM, proposta de nova data e modificación do calendario electoral 2022
- Acta da sesión constitutiva da Asemblea Xeral da FGTM do 12/12/2022
- Resposta do 13.12.2022 da reclamación á XE contra a convocatoria da AX para eleccións á presidencia e á Comisión delegada da FGTM.

CUARTO: As alegacións do informe da XE da FGTM son as seguintes:

"1.-En lo referente al recurso presentado por el reclamante contra la convocatoria de la Asamblea General constitutiva, esta JE se ratifica en lo contenido y ya expresado en acta de reunión de esta Junta de fecha 1.12.22 que es pública y responde en su contenido a notificación recibida del CGXD y reúne todos los requisitos necesarios según normativa aplicable tanto en cuanto fue ratificada y aprobada por el mismo al tiempo que la consecuente modificación del calendario se aprueba y sella por dicho Comité a los efectos oportunos. Se adjunta dicha acta.

Además, esta junta se ratifica en el argumentario ofrecido al recurrente ante reclamación planteada y que en la misma línea que el acta más arriba citada, argumenta y respalda la decisión tomada por esta Junta, refrendada por dicho comité y que además recordamos plantea dicha fecha en cumplimiento de decreto 16/ 2018 en lo que se refiere a que los procesos electorales deben ser realizados en el año en curso en los que se celebren los juegos olímpicos de invierno, este es, este proceso y por ende este calendario debe recoger la totalidad del procedimiento en el año 2022. Otro argumento más que respalda los anteriormente recogidos y referidos. Se adjuntan alegaciones y respuesta a recurso planteado por D. Manuel Pereiro Pérez ante esta JE por los mismos hechos.

2.- Recurso contra la proclamación provisional de la presidencia y de la comisión delegada.

Esta JE en lo referente a este recurso planteado por el reclamante y con respecto a los incumplimientos que el mismo plantea, esta JE quiere hacer constar y alega lo siguiente,

En cuanto al incumplimiento primero:

1.- El sorteo a la mesa electoral se realiza en el mismo lugar y momento de la Convocatoria de la Asamblea General según se establece en normativa y respondiendo





a indicaciones recibidas en su día tras consulta realizada a la SXD ante la problemática constante en este proceso para poder conseguir personas para la composición de mesas electorales. Esta consulta se realiza por la experiencia de esta JE en todo el proceso en el que debido a la situación reiterada e incómoda para los miembros de esta Federación en la que recordamos hubo que instaurar no sólo dietas sino que en la ocasión del voto por correo, ante reiteradas negativas argumentadas a formar parte de la misma, fue esta JE la que se hizo cargo de esa mesa y por ello, en este caso y consulta se plantea la posibilidad de que sea la JE la que ostente dichos cargos de la mesa en la Asamblea y se recibe lo siguiente:

“En resposta ao seu email, teña en conta o establecido no artigo 38.2 do Decreto 16/2018 de eleccións que pode consultar na nosa web: <https://deporte.xunta.gal/gl/procesos-electorais-2022>, literalmente di: 2. A sesión constitutiva da asemblea xeral será presidida pola mesa que se constituía conforme o disposto no artigo 28 deste decreto.

O artigo 28, pola súa banda, di:

1. A mesa electoral para a votación á presidencia de cada federación constituirase o día da votación e na sede da federación ou lugar que se determine no regulamento electoral.

2. A mesa electoral estará composta por tres persoas: unha presidencia, unha secretaría e unha vogalía, elixidas por sorteo entre as persoas asembleístas, conforme o disposto no regulamento electoral.

3. Exercerán a presidencia e a secretaría os membros de maior e menor idade desta mesa electoral, respectivamente. Así mesmo, e ata que conclúa a elección da presidencia da federación deportiva, exercerán as funcións da presidencia e secretaría da asemblea xeral da federación.

4. Non poderán formar parte da mesa electoral regulada neste artigo as persoas candidatas á presidencia da federación deportiva.

5. Unha vez constituídos todos os órganos reitores da federación entenderanse disoltas as mesas electorais

Polo tanto, é preciso constituir a mesa o día da votación e ela mesma levanta a acta correspondente.

Un saúdo.”

Por lo que el sorteo se realiza en el lugar y momento de celebración de la asemblea.

Además, en lo referente a no haber control, queremos hacer constar que la mesa pasa lista a los asembleístas presentes, y posteriormente si lleva control de las personas votantes designadas en el momento de la misma. Además, esta asemblea se decide hacer pública ya que las asembleas como ratifica un correo recibido ante consulta de esta misma a la SXD, no son secretas, precisamente también por ese hecho, se encuentra presente el reclamante, que no es asembleísta elegido.





2. En cuanto al incumplimiento segundo, esta JE, estuvo presente con el único objeto de realizar dicho sorteo, sorteo que se hizo de forma pública, con medios informáticos para amparar el sorteo al azar y el nombramiento aleatorio de los miembros de la mesa.

Ante la dificultad que más arriba hacemos constar para conformar mesas electorales en este procedimiento, en el momento que salen elegidos al azar diferentes personas que si aceptan ser parte de la mesa, es consultada la asamblea sin que esta tenga nada que objetar. Además, no realizan observación alguna ninguno de los candidatos allí presentes ante dicha consulta y tampoco lo hace el interventor designado por la candidatura del reclamante, D. José A. Sanmartín Gil, dando el visto bueno a que dichos miembros formen la mesa de dicha Asamblea a la que en ningún momento se hace constar observación ni alegación alguna por nadie como consta en acta de sesión, la cual se adjunta.

Ante principio de buena fe, y tras la aceptación de tres miembros necesarios para la composición de la mesa resultantes de sorteo y la no observación de inconvenientes y aceptación también de la Asamblea y los candidatos allí presentes, se decide proseguir, tomando en ese instante dicha mesa la dirección de la sesión constitutiva y elecciones a la presidencia y CD.

3. En cuanto al incumplimiento tercero, como indica el reclamante, esta JE recibió todas aquellas solicitudes de cambio de representación que los clubes decidieron presentar con anterioridad a la celebración, verificando que dicha nueva representación reunía los requisitos necesarios que se recogen en los protocolos y normativa aplicables.

Una vez tomada la dirección de la asamblea por la mesa de la misma, esta JE se mantiene al margen y no es quien decide ni dirige la misma.

La mesa, y previa presentación de certificaciones y documentación acreditativa por parte de los clubes que lo requirieron, no sólo el Oroso TM, decide acceder y dar por buenos cambios en cuanto a la representación de los mismos, tales como de clubes como el CONXO TM (Club avalista de la candidatura del reclamante, al que el mismo no cita), y los clubes CIDADE DE NARÓN Y OROSO TM

En ningún caso, fue una medida de la mesa exclusiva como parece hacer constar el reclamante, sino que se hizo extensiva a varios clubes que en el momento lo solicitaron y documentación a la mesa convenientemente.

No consta además ninguna observación en acta de sesión presentada por ningún asambleísta, candidato ni del interventor designado por el candidato D, MANUEL PEREIRO PEREZ.

4.- En cuanto al incumplimiento cuarto que indica el reclamante, la Junta Electoral está presente para guiar y proceder al sorteo de los miembros de la mesa y tras ello, se constituye la mesa y se prosigue con la Asamblea Constitutiva y votaciones y esta JE cede la dirección de la sesión a la mesa, y no actúa directamente sobre el devenir de la misma.





Es más, los miembros de la JE no están presentes en el transcurso de toda la sesión, dejando que la misma proceda y se desarrolle de forma libre y correcta por parte de los miembros de la misma y bajo el control y dirección de la mesa.

En cuanto a esto tampoco hay ninguna observación ni problema referido a dicho argumento en acta de la sesión que nuevamente se adjunta al presente informe.

Ante los recursos presentados por D. Manuel Pereiro Pérez, esta JE no tiene nada más que alegar, ratificándose en los documentos y argumentario previo que constan en todas las actas de reuniones de esta Junta y de la asamblea, que son públicas y que además en ningún caso han sido objeto de observación ni impugnación alguna por nadie más que por el reclamante que además, de resultar reiteradamente invasivo e irrespetuoso con el procedimiento, representa un ataque constante a este JE y a todo el proceso electoral con la única intención de anular el mismo desde el minuto 1 en el que se le da inicio.

Anular un proceso que se ha llevado con total transparencia y orden, bajo los principios normativos aplicables y al que ha concurrido sin inconveniente alguno por parte de esta JE y del que como se acredita en los resultados de la Asamblea no ha obtenido el apoyo de los miembros de la Asamblea sin que en ello esta JE tenga absolutamente nada que ver por lo que es incomprensible la solicitud de expediente sancionador a esta JE por parte del mismo.

En ningún momento esta JE causó perjuicio alguno a ninguna de las candidaturas que en todo momento han tenido los mismos medios, tiempos y oportunidades según normativa aplicable a este proceso como así puede constatarse en toda la documentación pública del mismo”.

É relatora dona Beatriz Seijo Méndez.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. - Competencia, procedemento e temporalidade do recurso.

O artigo 88 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia establece que no ámbito electoral a xurisdición deportiva comprende o coñecemento e resolución dos recursos que se formulen contra as decisións que se adopten nos procesos electorais das federacións deportivas, quedando exceptuados do indicado ámbito os actos de aprobación do regulamento electoral, os cales teñen o seu propio réxime de recursos ante a administración autonómica.

Asemade, o exercicio da xurisdición deportiva no ámbito electoral corresponde ás xuntas electorais das federacións deportivas e ó Comité Galego de Xustiza Deportiva de conformidade con sinalado na Lei do Deporte de Galicia, nos





seus regulamentos de desenvolvemento e nos estatutos e regulamentos federativos.

No que se refire a este Comité, o artigo 93 da Lei do deporte de Galicia dispón que lle corresponde o control das decisións ditadas nos procesos electorais polos órganos competentes das federacións deportivas de Galicia, incluída a súa convocatoria, tramitándose este polo procedemento que regulamentariamente se determine.

O Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, cando regula os recursos que caben fronte as resolucións que se adopten ó longo dun proceso electoral, dispón no seu artigo 51.5 que o Comité coñecerá, en última instancia administrativa, dos recursos que se interpoñan contra o acordo de convocatoria das eleccións, o calendario electoral, a composición da xunta electoral, o censo electoral provisional e definitivo, as resolucións das comisións xestoras e xuntas electorais e restantes cuestións previstas no decreto. E no artigo 38.9 do mesmo decreto se establece que *“Rematada a elección, a secretaría da mesa levantará a acta correspondente, que se expoñerá ao día seguinte no taboleiro de anuncios da federación. Contra a resolución da xunta electoral caberá interpoñer, no prazo de tres días, recurso ante o Comité de Xustiza Deportiva.”*

Pola súa banda, o Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, regula o procedemento en materia electoral federativa nos seus artigos 55 e seguintes. De conformidade con artigo 55.3, están excluídos do ámbito de procedemento en materia electoral a impugnación das convocatorias de eleccións e dos regulamentos electorais, os cales se tramitarán polo procedemento ordinario. Contemplándose una previsión idéntica no artigo 30 do devandito decreto cando regula o procedemento ordinario.

En consecuencia, de conformidade co anterior, este Comité ten competencia para coñecer do presente recurso de carácter electoral.

No art. 51.3 do Decreto 16/2018 de 15 de febreiro polo que se establecen as bases e criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais das federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, se recolle:

“3.- O prazo para a interposición do recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva será de tres días hábiles contados desde o seguinte al da notificación da resolución ou acordo obxecto de recurso ou, en su caso, desde o momento en que se produza a desestimación tácita da reclamación electoral presentada”

E o recurso foi presentado no prazo de tres días hábiles dende a publicación da resolución recorrida o 13 de decembro de 2022.





SEGUNDO. – Lexitimación.

Segundo o art. 51 do Decreto 16/2018 polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexe-la realización dos proceso electorais nas federacións deportivas galegas (modificado polo Decreto 171/2021):

“2.- Están lexitimados para interpoñer este recurso electoral as persoas que tiveran sido parte na impugnación ante a Xunta Electoral federativa o as persoas interesadas directamente polo acordo o resolución”

O recorrente ostenta lexitimación activa para a interposición do presente recurso, tendo en conta que é candidato á presidencia da FGTM.

TERCEIRO.– Obxecto e pretensión do recurso.

As pretensións do recorrente son a anulación da Asemblea Xeral Constitutiva da Federación Galega de Tenis de Mesa, do 12.12.2022, polos incumprimentos da Xunta Electoral do Regulamento Electoral da FGTM. A maiores, a anulación do Proceso Electoral 2022, na FGTM, polo proceder da Xunta Electoral. E sancionar á Xunta Electoral da FGTM, polos incumprimentos moi graves do Regulamento Electoral da FGTM.

CUARTO.- Consideracións do CGXD.

A pretensión principal do presente recurso presentado por Manuel Pereiro Perez, candidato nas eleccións á presidencia da FGTM no proceso electoral 2022, é a anulación da asemblea xeral constitutiva da FGTM do 12 de decembro de 2022 na que se procedeu á elección da Presidencia e a Comisión Delegada da FGTM.

A cuestión céntrase en se algún dos incumprimentos alegados polo recorrente Manuel Pereiro Pérez é causa de nulidade de pleno dereito ou de anulabilidade da asemblea xeral impugnada.

Estes incumprimentos ou argumentacións son:

1º. Que o sorteo dos membros da mesa electoral non se fixo na sede da federación con posterioridade á proclamación definitiva de candidatos á presidencia.

A criterio deste Comité a XE da FGTM no seu informe confunde sorteo, nomeamento e constitución da mesa electoral. A normativa electoral da FGTM establece que o sorteo dos membros da mesa electoral para a votación á presidencia e á comisión





delegada da federación, tal e como establece o artigo 9 III letra b) do RE da FGTM, será realizado pola XE na sede da federación con posterioridade á proclamación definitiva de candidatos á presidencia.

A XE da FGTM debeu realizar na sede da federación un sorteo público tras a proclamación definitiva de candidatos a presidente e á Comisión Delegada, a continuación nomear a ditos membros e o día da celebración da AX dita mesa debía proceder á súa constitución. Non obstante, este Comité é moi consciente e coñecedor de todo o proceso electoral 2022 da FGTM a través dos numerosos recursos que o mesmo tivo que resolver, incluídas dúas peticións de anulacións de assembleas xerais, polo que non pode considerar un incumprimento do regulamento electoral o feito de que o sorteo non se tivera realizado na sede da federación da FGTM sita en Vigo, e moito menos que dito incumprimento implique a anulación da AX, pois lle consta a este Comité, do actuado no presente recurso, que a XE da FGTM fixo un sorteo dos membros da mesa electoral, que este sorteo foi público, estivo presente o recorrente candidato e o seu interventor, e que se fixo o 12.12.2022, é dicir, con posterioridade á proclamación definitiva das candidaturas á presidencia da FGTM o 29.11.2022. Unicamente variou o lugar no que o sorteo público se fixo, en vez de na sede da FGTM fíxose no lugar en que íase celebrar a AX impugnada.

O recorrente en ningún momento expón no seu recurso cales foron os prexuízos que para a súa candidatura ou para o correcto desenvolvemento do proceso electoral lle ocasionou a celebración do sorteo nunha sede distinta á sede federativa.

Trátase, pois, simplemente dun incumprimento soamente formal, o local onde se celebrou o sorteo público, que non implica a anulación da AX pois conforme ao artigo 48. 2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, o defecto de forma denunciado non provocou nin carencia de requisitos indispensables para alcanzar o seu fin como foi a elección da presidencia e da comisión delegada da FGTM, nin produciu indefensión pois non foi alegada

2º. Nomeáronse como membros da mesa electoral para a votación á presidencia e á comisión delegada da FGTM os representantes do Club EXODUS TM (Leonardo Gonzalez Vázquez) e do Club del Mar (Antonio Javier Diz López), cando ditos clubs eran candidatos á Comisión Delegada.

É certo que o artigo 9 do regulamento electoral da FGTM di na a letra d) do seu apartado III, que

"d) Non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas á presidencia da federación nin as candidatas á Comisión Delegada."





Sen embargo, o artigo 28 punto 4 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado expresamente neste punto 4 polo Decreto 171/2021, do 23 de decembro, polo que se modifica o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas di:

"4. Non poderán formar parte da mesa electoral regulada neste artigo (Da mesa electoral para a votación á presidencia de cada federación) as persoas candidatas á presidencia da federación deportiva."

En base a este artigo non pode afirmarse que a XE da FGTM neste punto incumprira a normativa electoral pois dito artigo non exclúe aos candidatos á comisión delegada da posibilidade de formar parte da mesa electoral.

Pero é que, a maiores, ningún membro da asemblea xeral, nin dos candidatos tanto á presidencia como á comisión delegada nin o interventor do candidato recorrente D. José A. Sanmartín Gil, como se desprende da redacción acta da sesión da asemblea xeral do 12.12.2022, se opuxeron nin fixeron observación algunha ao seu nomeamento como membros da mesa electoral.

O recorrente tampouco argumenta ou describe qué comportamentos ou actuacións de ditos membros prexudicaron á súa candidatura ou ao bo desenvolvemento da AX e das votacións. Simplemente se alega o disposto no artigo 9.III. Letra d) do RE da FGTM.

Polo que, en base a todo anterior, este Comité entende que non houbo, neste segundo punto, incumprimento da normativa electoral pola XE e menos para resolver a anulación da asemblea impugnada.

3º. O Club Oroso TM comunicou na propia asemblea o cambio de representante pero sen presentar ningún certificado firmado, nin documentación para acreditar ese cambio. So presentou diante da Mesa Electoral un pantallazo de móbil, e foi autorizado para poder votar nas votacións á Presidencia e comisión Delegada, coa presenza dos membros da Xunta Electoral, que non fixeron ningunha observación nin figura ningunha observación na acta de sesión.

Neste punto o Comité comparte parte das alegacións da XE:

A) A XE resolveu todas aquelas solicitudes de cambio de representación que os clubs decidiron presentar con anterioridade á celebración da AX do 12.12.2022, verificando





que a nova representación reunía os requisitos necesarios que se recollen nos protocolos e normativa aplicables. Actuación esta da XE que non foi recorrida por ningún club.

B) Unha vez que se constitúe a mesa electoral é a esta a quen lle corresponde a dirección da AX e das votacións sen que a XE teña que estar presente e tomar decisións. As incidencias ou reclamacións deberían facerse constar na acta da sesión.

C). A mesa electoral, á vista da presentación de documentación acreditativa do club Oroso TM decide admitir o cambio en canto á representación do mesmo. A XE no seu informe alude a que outros clubs como o CONXO TM e o club CIDADE DE NARÓN tamén lle foi admitida o cambio de representación dos mesmos pero que non se poden ter en conta pois é simplemente unha afirmación da XE non acreditada.

D). Non consta na acta da sesión ningunha observación presentada por ningún asembleísta, nin por ningún candidato nin polo interventor designado polo candidato recorrente, D. José A. Sanmartín Gil respecto deste cambio de representación.

Non pode admitirse como causa de anulación dunha asemblea xeral un simple cambio de representación dun dos membros do órgano colexiado como é neste caso a AX se nin tan sequera o representado mostrou desconformidade nin impugnou dita representación.

4º. E por último, o recorrente argumenta que a XE presente na asemblea xeral constitutiva, coas súas decisións avalaron os incumprimentos do regulamento electoral polo que non deron cumprimento ás funcións encomendadas á XE polo regulamento electoral no seu artigo 5.

Reiteramos o sinalado no punto anterior. Unha vez que se constitúe a mesa electoral é a esta a quen lle corresponde a dirección da AX e das votacións sen que a XE teña que estar presente e tomar decisións. As incidencias ou reclamacións deberá facerse constar na acta da sesión. Polo que non compartimos a afirmación de que a XE avalou os incumprimentos do RE descritos polo recorrente.

O recorrente tamén solicita a anulación do Proceso Electoral 2022 na FGTM, polo proceder da Xunta Electoral. Este Comité entende que non se pode aceptar a pretensión xenérica de anulación do Proceso Electoral 2022 na FGTM polo proceder da Xunta Electoral toda vez que non se contén no presente recurso ningunha descrición deste proceder da XE da FGTM, agás os que son obxecto do presente





recurso e oportunamente resoltos por este Comité, ao longo de todo o proceso electoral, que sustente dita petición. Extremo que nos leva a desestimar a mesma, pois se nada se formula no corpo do escrito, dificilmente se pode acceder a algo que non se razoa ou se fundamenta.

Conclúe o recorrente coa petición, da apertura dun expediente sancionador á Xunta Electoral da FGTM, neste caso concreto polos incumprimentos moi graves do Regulamento Electoral da FGTM neste proceso electoral 2022, por non velar polo cumprimento dos decretos e regulamentos electorais o aprobar unha modificación do calendario electoral que limita e impide os dereitos e os prazos de recursos diante da XE e o CGXD e ademais os incumprimentos na AX constitutiva que figuran nos antecedentes deste recurso electoral.

Examinados os feitos expostos no presente recurso non se aprecian indicios determinantes para a incoación dun procedemento sancionador contra a XE da FGTM. Como xa se lle expuxo ao recorrente noutros recursos a XE é o órgano de ordenación e de control das eleccións. No exercicio desta potestade adopta decisións que os afectados poden considerar axustadas ou non a dereito pero que en todo caso poden ser impugnadas ante o CGXD que actúa como órgano revisor das decisións das xuntas electorais.

Este Comité á hora de decidir a incoación dun procedemento sancionador non debe limitarse a examinar a legalidade dunha decisión da XE recorrible, senón que abarca moito máis, en particular a intencionalidade e o elemento subxectivo, debendo presidir no ámbito administrativo sancionador o principio de intervención mínima, e o principio de tipicidade, non presente nos feitos denunciados.

En virtude de todo o exposto,

O PLENO DO COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA, por unanimidade, **ACORDA DESESTIMAR** en todas as súas peticións e pretensións o recurso electoral **258/2022** formulado por Don Manuel Pereiro Pérez.

Contra o presente acordo non cabe recurso administrativo algún (artigo 63.7 Decreto 120/2013), se ben poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación da presente





resolución, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

RECURSOS

Contra o presente acordo non cabe recurso administrativo algún (artigo 63.7 Decreto 120/2013), se ben poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Dona Teresa Carrera Babarro, secretaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva,

CERTIFICO:

Que no Pleno do devandito Comité en sesión celebrada o día 2 de febreiro de 2023 na cidade de Santiago de Compostela, se acordou a referida resolución, o que lle notifico a Vde. na súa condición de parte interesada para o seu debido coñecemento e cumprimento.

En Santiago de Compostela.

